

OS MUNDOS

Fondo da Vila, 14

15910, Padrón, A Coruña

Teléfono: 981 811 635



INFORMACIÓN XERAL

Atención ao público e outra información de interese

- Dentro da carta non dispón de pratos para celíacos ou diabéticos, se dispón de pratos vexetarianos.
- A carta está redactada con letra pequena, non dispoñen de carta alternativa con textos en maior dimensión, fotos ou braille.
- Non dispoñen de persoal con coñecemento da lingua de signos.
- Permítese o acceso con can guía e/ou asistencia.
- Non dispoñen dun plan de evacuación para persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- Ampla zona de aparcadoiro público na contorna.
- Non existe un itinerario accesible que permita comunicar a zona de aparcadoiro coa beirarrúa á que dá o local.
- Acceso desde o exterior a mesma cota da beirarrúa.
- Porta parcialmente de vidro con pomo. Acceso por dúas portas enfrontadas.
- Desde calquera das dúas portas accédese directamente á zona de barra, quedando a esquerda ou dereita segundo a porta utilizada.
- A barra ten unha soa altura a 111cm.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120cm.
- A barra ten unha soa altura a 111cm, non existe posibilidade de aproximación en cadeira de rodas.
- Asentos móbiles sen respaldo en barra de 77 cm de altura.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- Existen tres espazos de comedor, un deles á dereita da barra e os outros dous á esquerda. Un destes espazos atópase elevado un banzo en relación ao espazo xeral.

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120cm.
- O pavimento atópase en bo estado.

- Mesas redondas, cadrases e rectangulares de diferentes dimensións. Alto de mesa de 75 cm e alto libre baixo a mesa de 67 cm. Mesas redondas de 60cm de diámetro e pata central.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- Aseos situados xunto á zona de comedor dereita.
- Dispón de aseo adaptado compartido co feminino.

Entrada ao aseo

- Sinalización exterior co SIA sobre o marco superior da porta.
- Porta corredía con ancho de paso de 90cm.
- Apertura mediante uñeiro no canto da porta.

Cabina

- Mecanismo de peche de pequena dimensión non manipulable co puño pechado ou co cóbado.
- Diámetro viro libre de obstáculos 98cm no exterior e 120 no interior.
- Control de iluminación por interruptor.
- Carece de sistema de alarma.

Lavabo

- Situado dentro da cabina, con billa de presión situado á dereita.
- Altura superior de 84cm, con oco inferior de 75cm de alto.
- Espello fixo con bordo inferior a 134cm de altura.
- Dispón de dispensador de xabón a 111cm de altura e de dispensador de toallas de papel a 118cm de altura.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude de 117cm.
- Conta con espazo de transferencia esquerdo cunha anchura de 89cm.
- Barra abatible ao lado esquerdo a unha altura de 78cm.
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 41cm.
- Mecanismo de descarga de pequena dimensión sobre cisterna. Non se pode activar co cóbado o puño pechado e require un esforzo baixo.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

Localización e itinerarios

- Barra xunto ao acceso, non existen elementos que interrompan a comunicación.

Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerarios

- Zonas de comedor fronte ás portas de acceso.

Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.
- As mesas contan con cor contrastada.

Aseos

- Carecen de sinalización en braille e alto relevo

- A cor dos elementos destaca con respecto ao chan. A parede sobre a que apoia o inodoro é do mesma cor que este, e a do lavabo de debuxos xeométricos que non facilitan a súa detección.
- En caso de emerxencia, a alarma é visual, non existe indicación en aseos.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades auditivas.

SALÓN COMEDOR

- Dispón de carta escrita con letra de pequena dimensión.
- Non dispoñen de persoal signante.

ASEO

- Están sinalizados.
- Na cabina, o pasador fixo non ten un sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta non ten a parte inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia, non conta con sistema de alarma visual.